



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Deseño e control de proxectos de infraestruturas viarias

CONVOCATORIA: AUTONOMICO, 2ª conv

GRUPO: Consellería de Medio Rural

ÁREA: Consellería de Medio Rural

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	25
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2025
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEPRESENZA	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 28/05/2025 - 09:00h ao 03/06/2025 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Proporcionar coñecementos básicos nos proxectos de obras en infraestruturas agrarias e vías de baixa circulación no ámbito rural galego.

Criterios técnicos no deseño de proxectos que se tramitan dende o Servizo de Infraestruturas Agrarias (Plan Marco, PIR, Proxecto de obras de reestruturación parcelaria), documentos e requirimentos de cada tipoloxía, unidades de obra e tarifas de uso xeral neste tipo de proxectos.

Parámetros de deseño dos camiños, anchos, subbases, bases, capas de rodadura, caños, etc. Cálculos de firme, cálculos estruturais en muros de contención.

Conclusións prácticas no deseño dos camiños dos estudos xeolóxico e xeotécnico, cálculo dos movementos de terras, préstamos, xacementos, canteiras e vertedoiros. Estudo hidrolóxico e hidráulico.

Supervisión dos proxectos máis habituais, tipo de permisos que se requiren para a súa tramitación, esixencias técnicas, criterios na selección técnicas máis habituais no deseño de infraestruturas viarias. Fases na tramitación dos proxectos comúns en infraestruturas agrarias, tipos de licitación, publicación, etc. Cartografía, topografía e replanteo dos proxectos tramitados en infraestruturas agrarias. Tramitación ambiental das zonas de reestruturación ambiental e dos proxectos de obra, trámites precisos da avaliación de impacto ambiental.

Profundizar nos criterios de uso, requirimentos técnicos, execución en obra e controles de calidade das unidades de obra de uso máis común nos proxectos de infraestrutura agraria (excavacións en desmonte, terraplén, compactación, refino e planeo, caños, zahorras, macadam, regas asfáltica, aglomerados bituminosos, formigonados, muros de contención).

Dirección de obra de proxectos de infraestruturas agrarias, documentos a tramitar (actas, certificados, issprof), competencias para as necesarias modificacións do proxecto, cobertura e responsabilidades.

Tramitación e seguimento nos proxectos con afeccións o patrimonio cultural.

Competencias e esixencias no control do seguimento de seguridade e saúde.

DESTINATARIOS

- Persoal técnico agrario que preste servizos na Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.
- Persoal técnico agrario da Consellería do Medio Rural e dos demais entes dependentes da Consellería.

PROGRAMA

Módulo 1: Deseño de proxectos I: documentos que integran os proxectos, estrutura e formato. Cartografía, topografía e replanteo.

Módulo 2: Deseño de proxectos II, unidades de obra de uso máis habitual nos proxectos de infraestruturas agrarias (excavacións en desmonte, terraplén, compactación, refino e planeo, caños, zahorras, macadam, regas asfáltica, aglomerados bituminosos, formigonados, muros de contención), parámetros de deseño, materiais, posta en obra, tarifas, xustificación dos prezos. Control de calidade nas obras habituais nas infraestruturas agrarias (vías de uso agrario e rural) probas a esixir, interpretación e orzamento.

Módulo 3: Deseño de proxectos III, Deseño das trazas dos camiños, cálculos de movemento de terra, cálculo de firmes, estudo xeolóxico e xeotécnico contido e implicación no deseño. Estudos e cálculos hidráulicos e hidrolóxicos, contido e implicación no deseño.

Módulo 4: Supervisión de proxectos. Requerimentos e necesidades na tramitación ambiental e patrimonio cultural. Tramitación dos proxectos de obra de reestruturación parcelaria (EIA, autorizacións, licitación) . Tarifas e xustificación de prezos para unidades de obra máis comúns. Permisos precisos, uso dos visores (comunicación e autorización das afección)e tramitación dos proxectos do plan marco e nos PIR.

Módulo 5: Dirección de obra, documentación a tramitar nos proxectos de infraestruturas agrarias polo director de obra (actas, certificados, etc). Necesidades de modificacións no proxectos durante a execución da obra. Competencias na execución, coberturas e responsabilidades do director de obra. Seguridade e saúde.

Módulo 6.: Seguimento das obras: Seguimento ambiental e vixilancia arqueolóxica.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

1º- persoal técnico agrario que preste servizos na Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

2º- persoal técnico agrario da Consellería do Medio Rural e dos demais entes dependentes da Consellería.

En caso de vacantes persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA

LOCALIDADE: TELEPRESENZA

INICIO / FIN: 14/10/2025 a 02/12/2025

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME: 02/12/2025 ás 13:00h

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Sala telepresenza: O día 14 de outubro de 10:00 a 13:30. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sala telepresenza: Os días 21 e 28 de outubro de 10:00 a 12:30. O día 04 de novembro de 10:00 a 12:30. Os días 11, 18 e 21 de novembro de 10:00 a 13:30. O día 02 de decembro de 10:00 a 13:30. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>